

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 18 DE MARZO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezaioito de marzo de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as trece horas corenta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 16 de marzo de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE

— Gateira S.C.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de inicio de actividade, presentada con data 24 de xuño de 2019 (RE-E núm. 123), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	GATEIRA S.C.
CIF	██████████

DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE CARBOENTES, PARROQUIA DE CARBOENTES
REPRESENTANTE	LUCAS DAPARTE MÍGUEZ
DNI	██████████

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	EXPLOTACIÓN AVÍCOLA DE CARNE
REFER. CATASTRAL PARCELAS	36047A12000860000LX
LUGAR	COUSO
PARROQUIA	SAN MARTIÑO DE ASPERELO
LICENZA URBANÍSTICA	SI (ACORDO XGL DO 17/10/16)
TRÁMITE AMBIENTAL	SI (DECLARACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL DE DATA 10/08/16 – EXPTE. NÚM. ██████████)
REGA	██████████
CAPACIDADE MÁXIMA AUTORIZADA	33.477 POLOS

Consta asemade no expediente, entre outras, a seguinte documentación preceptiva:

- Certificación final de obra e anexos asinados polo enxeñeiro técnico agrícola Don Óscar Javier Pose Andrade (visado colexial núm. ██████████, do 17/06/19 e anexos de datas 19/11/19, 04/06/20, 08/06/20, 06/09/21 e 08/11/21).
- Acta de comprobación favorable de data 16/03/22.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido no artigo 24.2 da LECG e no artigo 15.1 do RIAE.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio da actividade e a apertura do establecemento, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O Concello poderá exercer en calquera momento as facultades de inspección da instalación ao obxecto de velar polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación de aplicación, de conformidade co previsto no artigo 82 e seguintes do RIAE.

Cuarto.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- Requiritur á promotora para que no prazo máximo de dous meses, contados a partires do día seguinte ao da notificación do presente acordo, proceda a instar no Concello a legalización, de ser o caso, da instalación de paneis fotovoltaicos sobre a cuberta da nave e do material de cerramento da esterqueira (chapa metálica), que carecen de título habilitante municipal ou non se axustan a este, coa advertencia de que, de non facelo así, procederá polo Concello a incoar o correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística, de conformidade co previsto no artigo 153 e concordantes da LSG.

Sétimo.- Aprobar a liquidación complementaria do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por mor do incremento do orzamento da obra, pola cantidade de CENTO NOVENTA E UN EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (191,43 €).

Oitavo.- Aprobar a liquidación complementaria da Taxa por licenzas urbanísticas, por mor do incremento do orzamento da obra, pola cantidade de CORENTA E SETE CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (47,85 €).

Noveno.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Gandaría da Consellería do Medio Rural en Pontevedra para a súa constancia e aos efectos oportunos.

3.- RENUNCIA A LICENZA DE OBRAS

— Jesús González Vázquez

Infórmase aos Sres. concelleiros asistentes que, por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 25 de setembro de 2020, concedeuse a Don JESÚS GONZÁLEZ VÁZQUEZ licenza municipal para CONSTRUCCIÓN DE MUROS DE PECHE DE PARCELAS, con emprazamento no lugar de Outeiro, parroquia de Guillar. Coa mesma data aprobouse a correspondente liquidación do ICIO (1.081,00 €) e da Taxa por expedición de licenzas urbanísticas (270,25 €), calculadas sobre o presuposto de execución material da obra achegado polo solicitante que ascendía á cantidade de 54.050,14 €. A débeda foi satisfeita con data 30/09/20.

Con data 10 de febreiro de 2022 (RE-E núm. 56) o titular da licenza solicita a súa anulación, desistindo na realización das obras autorizadas. O arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias emite informe con data 17/03/22 acreditando que as obras para as que se lle concedeu licenza non foron executadas.

Xa que logo, debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Deixar sen efecto, a petición do seu titular, a licenza municipal para CONSTRUCCIÓN DE MUROS DE PECHE DE PARCELAS, con emprazamento no lugar de Outeiro, parroquia de Guillar, instada por Don JESÚS GONZÁLEZ VÁZQUEZ, e concedida por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión celebrada o día 25 de setembro de 2020, ordenando o arquivo do expediente sen máis trámite.

Segundo.- Anular a liquidación do ICIO, por importe de MIL OITENTA E UN EUROS (1.081,00 €), practicada pola Intervención municipal en data 28 de setembro de 2020, ao non terse producido o feito impositivo do imposto, e devolver o seu importe ao solicitante.

4.- BAIXA VOLUNTARIA DE USUARIO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI), CURSO 2021-2022

VISTO o escrito presentado por Don Román Hernández Henao, con NIE núm. [REDACTED], veciño do lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro (RE núm. 413, do 16/03/22), polo que solicita a baixa voluntaria do seu fillo Samuel Hernández Quiroga como usuario do Punto de Atención á Infancia (PAI), curso 2021-2022. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda autorizar a baixa solicitada con data de efectos do día 31 de marzo de 2022.

5.- MODIFICACIÓN PARCIAL DAS BASES PARA A PROVISIÓN DE SEIS (6) POSTOS DE TRABALLO SUBVENCIONADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2022 (LIÑA 3: CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS)

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 17 de febreiro do corrente, aprobáronse as bases e o baremo de selección para a provisión de seis postos de traballo subvencionados ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022 da Deputación Provincial de Pontevedra.

As dificultades coas que se atopou o Concello para acadar candidatos/as para algúns dos postos de traballo ofertados, unido ao imperativo legal de que os contratos se formalicen con data límite do día 30 de marzo do corrente, aconsellan reducir o prazo de presentación das solicitudes por parte dos/as candidatos/as preseleccionados/as aos postos de traballo de monitor de tempo libre e traballador social, como consecuencia das solicitudes de ampliación das ofertas formuladas ante o SPEG, a dous días naturais.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Modificar parcialmente, en relación aos postos de traballo de monitor de tempo libre e traballador social, a Base cuarta, apartado b) de selección para a provisión de seis postos de traballo subvencionados ao abeiro do Plan

Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022 da Deputación Provincial de Pontevedra, aprobadas por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 17 de febreiro do corrente, quedando redactada do seguinte xeito:

b)

(...)

A estes efectos, no proceso de selección valoraranse os seguintes méritos, cuxa documentación acreditativa dos mesmos deberá entregarse no Rexistro Xeral do Concello de Rodeiro, no prazo máximo de 2 días naturais dende o día seguinte ao fixado polo SPE para a súa presentación no Concello.

(...)

6.- SOLICITUDE AO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA (SPEG) DE AMPLIACIÓN DE OFERTA DE EMPREGO FORMULADA AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2022 (LIÑA 3: CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS)

O Sr. alcalde informa aos Sres. concelleiros presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 17 de febreiro do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación de seis postos de traballo subvencionados ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022 da Deputación Provincial de Pontevedra.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar ofertas xenéricas ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as ao, entre outros, posto de traballo de traballador social (RS núm. 90, do 23/02/22). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín trasladou ao Concello a ausencia de candidatos/as a dito posto no ámbito da sondaxe correspondente ao termo municipal de Rodeiro.

Debidamente informados de canto antecede e constatando que as Bases do Plan Concellos 2022 non limita, como en anteriores convocatorias, o ámbito de selección ao termo municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Solicitar do SPEG a ampliación a todo o ámbito territorial da Oficina de Emprego de Lalín da sondaxe correspondente á oferta de emprego, remitida

no seu día polo Concello, para cubrir un posto de traballo de traballador social, subvencionado pola Deputación Provincial ao abeiro do Plan Concellos 2022.

7.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SISTEMAS INFORMÁTICOS ANDIÓN Y MOURIÑO S.L. 294,94 €
Por renovación anual das licenzas dos antivirus dos equipos informáticos municipais, s/factura núm. 21436.
- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 38.957,49 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de febreiro de 2022, s/recibos.
- NATURGY IBERIA S.A. 5.518,83 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de febreiro de 2022, s/recibos.
- SILVIA GRANJA PEREIRA 27,00 €
Por adquisición de teléfono para o Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. 09/22.
- MANUEL FIGUEROA FAÍLDE 439,23 €
Por diversas reparacións para o Concello, s/factura núm. 00016.
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 2.346,80 €
Por diversas reparacións nos camións de recollida do lixo, s/factura núm. C 9199.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)